
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 28 DE ABRIL DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei da área metropolitana de Vigo.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se acepta a cesión a título gratuito dun inmovible realizada polo concello de Ourense á Comunidade Autónoma de Galicia con destino á construción dun edificio xudicial.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo MSV na PO-550 no entorno de TCA. Treito: Pq. 8 + 710 – Pq. 9 + 850, no concello de Meaño, (clave PO/10/237.06).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 33% e a adquisición de compromisos de carácter plurianual derivados da Resolución pola que se establecen as bases e se convocan axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos

públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos, sen depósito de garantías, de ata o 80% nas subvencións derivadas da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes e se procede á convocatoria para o ano 2011.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de acordos da Comisión Bilateral de Seguimento, relativa as áreas de rehabilitación integral na Comunidade Autónoma de Galicia, con participación dos concellos ao abeiro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o "modificado do proxecto sectorial do gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (tramos I e II) e ramal á central de ciclo combinado de Meirama" (concello de Arteixo), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ortigueira, para a execución do proxecto de mellora de trazado e ampliación da plataforma da DP 4402 Baleao-Corbelle a Casanova no concello de Ortigueira, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da Addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, sobre a promoción das ensinanzas de formación da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións

e Congresos da Estrada, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico a “Festa Gastronómica do Galo de Curral” no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico o “Arde Lucus” no concello de Lugo, provincia de Lugo.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico as “Alfombras Florais de Corpus Christi” no concello de Ares, provincia da Coruña.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico a “Feira dos Santos” do concello de Monterroso, na provincia de Lugo.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de situación das listas de espera.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe do balance provisional sobre resultados turísticos de Semana Santa.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de Orde pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para fomentar a responsabilidade social empresarial

(RSE) nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2011.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a presenza da Consellería do Mar nos eventos feirais de promoción de produtos da pesca e da acuicultura.

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI DE ÁREA METROPOLITANA DE VIGO QUE MELLORARÁ A CALIDADE DOS SERVIZOS PRESTADOS AOS SEUS CIDADÁNS

- *O Goberno galego cumpre así co seu compromiso de reenviar o proxecto ao Parlamento no primeiro semestre do ano*
- *O proxecto da resposta específica a unha realidade social e económica metropolitana, que facilita a ordenación urbana e establece criterios de intervención comúns entre os municipios*
- *O proxecto nace froito dun traballo serio e rigoroso que, partindo do consenso de 2005, se enriqueceu coas achegas da Universidade de Vigo e as alegacións presentadas por concellos e demais entidades*

O Consello da Xunta deu luz verde ao anteproxecto de Lei da Área Metropolitana de Vigo, unha iniciativa coa que se pretende sumar esforzos e aumentar a calidade dos servizos públicos en beneficio dos cidadáns de Vigo e a súa comarca, así como mellorar a suficiencia económica dos concellos a través dunha maior racionalización do gasto común.

Deste xeito, o Goberno galego cumpre co seu compromiso de aprobar o proxecto e levalo ao Parlamento no primeiro semestre do ano, que será o próximo paso que dará a Xunta para que a Área Metropolitana de Vigo sexa debatida na Cámara e poida botar a andar o antes posible. O obxectivo último é dar resposta específica a unha realidade social e económica metropolitana, que facilite a ordenación urbana e estableza criterios de intervención comúns entre os municipios.

A Área Metropolitana de Vigo configúrase como unha entidade local cuxo ámbito territorial está delimitado polos concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo -que será a capital-; podendo ampliarse no futuro a través dun procedemento sinxelo.

Competencias da Área

O ámbito competencial da Área Metropolitana agrúpase en nove grandes bloques temáticos: promoción económica e emprego; servizos sociais; turismo e promoción cultural; transporte público de viaxeiros; medio ambiente; augas; xestión de residuos; ordenación territorial e cooperación urbanística; e coordinación nas Tecnoloxías da Información e Comunicación. Esta última sección de competencias, relacionada coas TICs, foi incorporada recentemente, a proposta dos concellos.

Os órganos principais da Área Metropolitana de Vigo son a Asemblea Metropolitana, a Xunta de Goberno Metropolitana, o Presidente e ata dous vicepresidentes; a Comisión Especial de Contas e a Comisión de Cooperación. Esta Comisión será a encargada de asegurar a xestión eficiente dos servizos de competencia compartida evitando as duplicidades.

Financiamento e persoal

O anteproxecto da Lei da Área Metropolitana de Vigo recolle que a súa facenda terá dúas vías fundamentais de financiamento: por unha banda, as achegas económicas que acompañan aos traspasos de servizos por parte das respectivas administracións e, por outra, unha cantidade fixa por habitante que decidirá a Asemblea Metropolitana, tal e como se viña facendo no caso da Mancomunidade.

Ademais, a futura entidade supramunicipal non suporá un incremento de empregados públicos xa que o seu persoal será fundamentalmente persoal cedido das diferentes administracións que transfiran competencias e servizos.

Traballo serio e rigoroso

O proxecto nace froito dun traballo serio e rigoroso que, partindo do consenso de 2005, enriqueceuse coas achegas da Universidade de Vigo, que realizou un Estudo de Viabilidade, e as máis de 250 alegacións dos concellos, asociacións e axentes sociais -entre outras entidades- das que se aceptaron máis da metade. O resultado foi un proxecto ambicioso e realista, que mellora ao aprobado para Barcelona, e que ten como obxectivo último mellorar a calidade de vida dos cidadáns e os servizos que reciben das Administracións públicas.

A XUNTA RETOMA A LICITACIÓN DO EDIFICIO XUDICIAL DE OURENSE DESPOIS DE QUE O CONCELLO SOLUCIONASE UNHAS DEFICIENCIAS NAS EXPROPIACIÓNS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a aceptación da cesión por parte do Concello dunha parcela nos Remedios para construír o edificio dos xulgados*
- *Está previsto que a adxudicación da obra estea lista na segunda quincena de xuño*
- *O Goberno galego investirá máis de 18 millóns de euros na construción desta infraestrutura fundamental para a cidade das Burgas*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde á aceptación da cesión a título gratuito dunha parcela nos Remedios que o Concello de Ourense achega ao Executivo galego para que constrúa un novo edificio xudicial na cidade, no cal investirá máis de 18 millóns de euros.

Tras esta cesión, acordada polo Xunta de Goberno Local ourensá, agora será a Xunta de Galicia a que retome o seu compromiso con Ourense e continúe o procedemento de licitación iniciado hai meses e que tivo que ser paralizado por mor dunha serie de defectos nas expropiacións levadas a cabo polo Concello. A Xunta estima que a adxudicación da obra será unha realidade na última quincena de xuño.

O novo edificio xudicial de Ourense está recollido no Plan de Infraestruturas Xudiciais da Consellería de Presidencia, un ambicioso programa que prevé un investimento de case 100 millóns de euros en seis anos e que ten como obxectivo deixar solventadas as necesidades de espazo nas sedes xudiciais galegas para os vindeiros quince ou vinte anos.

Neste sentido, no orzamento autonómico para este 2011 xa aparece recollida esta partida destinada á execución do proxecto; o que demostra, unha vez máis, o compromiso coa cidade de Ourense, que será dotada dunha infraestrutura fundamental para a prestación do servizo da Administración de Xustiza.

Edificio xudicial de Ourense

O edificio xudicial de Ourense será unha construción moderna e acaída para a cidade, que permitirá albergar 20 xulgados, outro máis de garda, 14 salas de vistas, unha sala de vodas e contará con máis de 1.000 metros cadrados de arquivo.

Así consta no proxecto gañador do concurso de ideas -dos arquitectos Cristina Lago e Pablo Fidalgo-, que aposta por respectar o corredor verde que discorre paralelo ao río Miño, reducindo o máis posible a ocupación da parcela para liberar espazo que sirva de lugar de encontro para os cidadáns.

O novo edificio xudicial de Ourense construírse nunha parcela cedida polo Concello, requisito indispensable para que o Goberno galego poida facer o seu investimento e así contribuír a poñer en marcha novas infraestruturas xudiciais nas cidades galegas.

A XUNTA LICITARÁ ESTE ANO AS OBRAS PARA ELIMINAR UN TRAMO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA TRAVESÍA DE DENA, NO CONCELLO DE MEAÑO

- *O obxectivo deste proxecto será adecuar a travesía de Dena, situada entre o punto quilométrico 8+710 e o pq 9+850 da estrada Cambados - A Lanzada (PO-550), que concentra un tráfico de máis de 10.000 vehículos ao día*
- *As obras suporán un investimento de 700.000 euros e consistirán na ampliación da plataforma, a construción dun carril central para facilitar os xiros á esquerda, así como beirarrúas ao final do treito*
- *Esta vía, xunto coa estrada Sanxenxo-Vilalonga (PO-504) e a estrada Vilagarcía de Arousa-Cambados (PO-549), soporta a meirande parte dos desprazamentos de curto percorrido dentro do Salnés*
- *O Plan de Seguridade Viaria 2011-2015, presentado o pasado 26 de marzo polo conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, terá por obxectivo reducir o ratio de falecidos por millón de habitantes en accidentes de tráfico*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da estrada Cambados - A Lanzada (PO-550), ao seu paso polo Concello de Meaño, para a mellora e o incremento da seguridade nun treito de concentración de accidentes (TCA) que soporta unha intensidade media diaria (IMD) de preto de 10.000 vehículos. Cómpre dicir que esta estrada, xunto coa estrada Sanxenxo-Vilalonga (PO-504) e a estrada Vilagarcía de Arousa-Cambados (PO-549), soporta a meirande parte dos desprazamentos de curto percorrido dentro do Salnés.

Esta actuación conta cun investimento de 700.000 euros e está prevista a súa licitación no segundo semestre do 2011 a través da Sociedade Pública de Investimentos. Os veciños de Meaño, preto de 5.500, serán os principais beneficiarios destas obras que terán un prazo de execución de 12 meses.

O obxectivo deste proxecto será adecuar a travesía de Dena, situada entre o punto quilométrico 8+710 e o p.q 9+850, no concello de Meaño, para eliminar o tramo de concentración de accidentes, xa que se trata dunha travesía que facilita o acceso aos veciños aos servizos públicos. Así permitirán ampliar a plataforma para construír un carril central que facilite os xiros á esquerda, así como beirarrúas ao final do treito.

A vía contará con tres carrís que terán entre 3 e 3,5 metros de ancho, as beiravías serán de 0,50 metros e as beirarrúas terán un ancho variable. Na glorieta estableceranse dous carrís de 4 metros de ancho cada un e beirarrúas de 1,5 metros de ancho. Para isto será preciso facer unha escavación de 4.000 metros cúbicos de

terreo e demoler unha superficie de 5.000 metros cadrados. Despois, procederáse a estender máis de 2.200 toneladas de mestura bituminosa.

Plan de Seguridade Viaria 2011-2015

Esta actuación enmárcase dentro do Plan de Seguridade Viaria 2011-2015 presentado o pasado 26 de marzo polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández. O obxectivo primordial deste plan é reducir o ratio de falecidos en accidentes de tráfico por millón de habitantes de xeito que Galicia se sitúe no contorno da media española (59 falecidos por millón de habitantes). Concretamente, no que respecta aos tramos de concentración de accidentes (TCA) de Galicia, a Xunta está realizando 13 obras de eliminación deste tipo de treitos e está a redactar outros 40 proxectos que se irán realizando ao longo desta lexislatura. Dende o ano 2005, o Goberno galego eliminou 61 TCA das estradas de titularidade autonómica.

A estratexia de seguridade viaria do novo plan baséase en sete obxectivos estratéxicos:

1. Promover contornos urbanos seguros e mellorar o transporte público
2. Conseguir condutas viarias seguras
3. Mellorar a seguridade da estrada
4. Protexer os usuarios vulnerables
5. Aumentar a investigación en materia de seguridade viaria
6. Dar apoio ás vítimas
7. Mellorar a colaboración entre as administracións



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DO CICLO DE GRAO MEDIO EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES AOS PERFÍS PROFESIONAIS DEMANDADOS NO MUNDO LABORAL

- *Deste xeito os titulados neste ciclo terán coñecementos relacionados coas novas tecnoloxías no mundo da automoción e cos vehículos híbridos*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para a adaptación destes estudos á Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación*
- *Nesta lexislatura xa están aprobados 31 novos decretos para modernizar os títulos de FP e está previsto dar o visto e prace a 11 máis nas vindeiras semanas*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén de adaptar o currículo do ciclo de grao medio en electromecánica de vehículos automóbiles á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións profesionais. Deste xeito os estudantes e titulados neste ciclo formativo responderán aos perfís profesionais demandados no mundo laboral, especialmente polos sectores produtivos de Galicia, o que supón unha oportunidade de acceso ao mercado de traballo para estas persoas, e unha nova aposta polo emprego por parte da Xunta de Galicia. As persoas que obteñan esta titulación poderán exercer a súa actividade no sector de construción e mantemento de vehículos, nos subsectores de automóbiles, motocicletas e vehículos pesados. Tamén en empresas de frotas de alugamento de vehículos, servizos públicos, transporte de pasaxeiros e mercadorías; en empresas de fabricantes de vehículos e compoñentes; en empresas dedicadas á inspección técnica de vehículos; en empresas dedicadas á fabricación, á venda e á comercialización de equipamentos de comprobación, diagnose e recambios de vehículos; ou en empresas situadas noutros sectores produtivos onde se realicen traballos de mantemento de electromecánica (grupos electrógenos, cintas transportadoras movidas con motor de explosión, etc.).

Neste sentido o novo currículo inclúe formación de cara ao uso de novos materiais (novas aliaxes, materiais compostos, etc.) que constituirán os motores e os elementos da área de electromecánica, cunha redución de peso, o que redundará nun consumo máis racional dos vehículos e nunha menor contaminación. Tamén é parte do temario a formación relativa ao uso de novos elementos electrónicos e informáticos que gobernen os sistemas dos vehículos que, en moitos casos, substituirán os elementos mecánicos. Tamén se introduce a formación nos novos motores alimentados por combustibles non derivados do petróleo, en moitos casos os denominados híbridos (con combustibles alternativos) e eléctricos, capacitando aos titulados para exercer o seu traballo dando resposta ás últimas novidades do sector

A Consellería de Educación ten así adaptado 31 currículos nesta lexislatura, quedando estes tamén harmonizados co Sistema Nacional das Cualificacións profesionais. Está previsto dar o visto e prace nas vindeiras semanas a 11 máis, no marco da estratexia de posta en valor da formación profesional que está a desenvolver Educación.

Nesta mesma liña a Consellería de Educación convocou 3.200 prazas para o recoñecemento da competencia profesional a través da experiencia laboral ou de formación non formal, nun total de 44 unidades de competencia, correspondentes a 8 ciclos formativos diferentes. Desta forma Educación dá resposta á demanda de diferentes colectivos que necesitan acadar unha certificación oficial da súa cualificación para o desempeño das súas actividades profesionais ou acceder á mobilidade na súa profesión e precisan contar coa acreditación das súas competencias profesionais.

Formación en centros de traballo

Os novos currículos inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Mobilidade entre estudos

Doutra banda, os novos currículos facilitan a mobilidade entre estudos, establecendo a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

Ademais, ábrese a posibilidade de acceder aos estudos universitarios desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior e a de validar os estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios ECTS -Sistema Europeo de Transferencia de Créditos-.

O CONSELLO APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA PROMOVER A CONCILIACIÓN DESDE OS CENTROS EDUCATIVOS

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Secretaría Xeral da Igualdade de axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, aprobándose ademais a concesión de anticipos de ata un 33% nas subvencións concedidas.

A Secretaría Xeral da Igualdade considera necesario favorecer e impulsar a conciliación do traballo e da vida familiar de mulleres e homes adoptando medidas que a faciliten, polo que este ano, e por segunda vez, realiza esta convocatoria de axudas destinadas á realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, de programas de actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos de educación infantil e primaria de Galicia e que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, durante o período comprendido entre o 1 de setembro de 2011 e o 30 de xuño de 2012.

Esta convocatoria, que se convocou por primeira vez en 2010, ten carácter plurianual para adaptarse ao curso escolar. Este ano está dotada con 262.500 euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo, e ten como novidade que poderán pagarse anticipos de ata o 33%, sen depósito de garantías.

Estes anticipos teñen como finalidade que as entidades dispoñan dos recursos iniciais que lles permitan facer fronte aos gastos necesarios para deseñar o programa de actividades que ofertarán fóra do horario lectivo durante o curso escolar.

Poderán concorrer ás subvencións as asociacións de nais e pais de alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos que estean legalmente constituídas e inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Poderán ser obxecto de subvencións a organización e xestión da realización de actividades extraescolares dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria que fomenten o desenvolvemento integral das persoas e a igualdade entre os xéneros. Centraranse, fundamentalmente, en actividades culturais, deportivas, artísticas, tecnolóxicas ou lúdicas, que se desenvolvan no propio centro educativo e fóra do horario lectivo. Estas axudas sufragarán ata un máximo do 50% do custo da actividade, sen que en ningún caso se poida superar a contía de 6.000 euros por entidade.

Poderán ser obxecto de subvención os gastos do persoal necesario para a execución das accións, os gastos de seguros de accidentes e pólizas de responsabilidade civil e os gastos de medios e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento das actividades.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, que será na primeira quincena do mes de maio.

A necesidade de conciliar a vida familiar e laboral leva consigo, ademais dos cambios necesarios no ámbito lexislativo, a obriga de promover servizos e recursos complementarios que faciliten a conciliación, como son os servizos de atención a menores que permitan adecuar os horarios escolares cos horarios laborais das familias. Os poderes públicos deben pórse á cabeza na creación de programas e accións facilitadores da conciliación, principal obxectivo desta actuación da Secretaría Xeral da Igualdade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONCESIÓN DE ANTICIPOS DE ATA UN 80% NAS AXUDAS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE PARA CENTROS E RECURSOS PARA MULLERES

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión de anticipos de ata o 80% do importe das subvencións derivadas da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, que este ano está dotada con 916.500 euros.

A convocatoria deste ano da Secretaría Xeral da Igualdade vai dirixida ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, inscritas na área de igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, coa finalidade de contribuír ao mantemento de centros que acollen a mulleres sen recursos con dificultades especiais e de apoiar o desenvolvemento de recursos especializados para as mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade, así como para o desenvolvemento de programas específicos de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos/as menores de tres anos, todo isto co obxectivo prioritario da promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Este ano a convocatoria presenta un orzamento de 916.500 euros, 31.500 euros máis que no ano anterior, e ten como novidade a posibilidade de realizar anticipos de ata o 80% do importe da subvención concedida, sen depósito de garantías, co obxectivo de paliar o esforzo que as entidades financiadas están a soportar, e ante a necesidade de que os programas e recursos que desenvolven funcionen con normalidade, xa que as beneficiarias son mulleres en situación de especial discriminación.

Estas axudas destínanse ao mantemento de centros e á realización de diferentes programas, como os centros de atención especializada a mulleres (centros de acollida, centros de día) nos cales se ofrece asistencia básica -aloxamento, manutención- e programas de apoio ás mulleres en situación de risco de exclusión.

Tamén se destinan a programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos e/ou fillas menores de tres anos que conteñan actuacións de información sobre recursos existentes para elas e os seus fillos e fillas, acompañamento social, con medidas de apoio psicolóxico para a superación das cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade, orientación, asesoramento e busca de emprego, adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal e medidas de apoio urxente.

Outra das áreas de actuación financia programas de recursos integrais de axuda para mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social -reclusas, ex-reclusas, drogodependentes-; de apoio a mulleres en situación de especial protección (anciás soas, mulleres con discapacidade, inmigrantes, mulleres pertencentes a minorías étnicas), e de apoio e acompañamento dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

Poderán ser destinatarias das subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e requisitos exixidos nesta resolución e que estean inscritas na área de muller/igualdade do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), nos primeiros días do vindeiro mes de maio.

As entidades poden percibir subvención por un máximo de dous programas e o importe máximo que percibirá cada unha por cada programa é de 40.000 euros.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 11 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR 1.750 VIVENDAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DECLARADAS EN GALICIA

- *Esta partida engádese aos 14,2 millóns que se están a executar na actualidade para financiar mais de 3.000 rehabilitacións, polo que a Xunta mobiliza nestes momentos mais de 25 millóns de euros que posibilitan 4.800 accións de rehabilitación*
- *Por primeira vez asígnanse obxectivos á área de rehabilitación do Camiño de Santiago*
- *Os convenios cos correspondentes concellos asinaranse no marco da bilateral entre a Xunta e o Ministerio de Fomento*
- *Preto de 6.000 vivendas xa foron rehabilitadas ata o de agora nas áreas de rehabilitación galegas*
- *Os propietarios de edificios e vivendas situadas nas áreas de rehabilitación poden acceder a axudas de ata 11.600 euros por actuación*

A Xunta de Galicia aprobou destinar unha nova partida de 11,2 millóns de euros ao financiamento de 1.750 vivendas nas áreas de rehabilitación integral existentes en Galicia, así como para a área de rehabilitación do Camiño de Santiago, segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta na súa reunión semanal.

O Consello celebrado hoxe autorizou a sinatura dos correspondentes acordos no marco da Comisión Bilateral sobre Áreas de Rehabilitación Integral de Galicia, formada pola Xunta e o Estado e na cal tamén participan os concellos que contan con ARI.

A partida autorizada hoxe engádese aos 14,2 millóns de euros que se están a executar na actualidade para financiar máis de 3.000 rehabilitacións, polo que nestes momentos a Xunta ten mobilizados mais de 25 millóns de euros de fondos propios que posibilitarán unhas 4.800 vivendas de rehabilitación.

A repartición destes novos obxectivos nas diferentes áreas de rehabilitación galegas queda da seguinte maneira:

MUNICIPIO	NOMBRE	ÁREA	OBXECTIVOS 2010
A Coruña	Grupo O Birloque na Coruña 2ª fase	ARI	40
A Coruña	Grupo Santa Cristina na Coruña 2ª fase	ARI	52
A Coruña	Grupo Os Mariñeiros na Coruña 2ª fase	ARI	54
Betanzos	Núcleo Histórico 8ª fase	ARCH	14

Ferrol	Barrios Vello e Magdalena no Núcleo Histórico 9ª fase	ARCH	27
Ferrol	Barrio da Graña 5ª fase	ARI	8
Neda	Núcleo antigo 6ª fase	ARI	14
Noia	Núcleo histórico 9ª fase	ARCH	22
Mugardos	Núcleo antigo	ARCH	15
Muros	Núcleo histórico 9ª fase	ARCH	33
Padrón	Núcleo antigo 7ª fase	ARI	11
Rianxo	Rianxo, Rianxiño e A Fincheira 3ª fase	ARI	11
Santiago Compostela	Núcleo histórico, 12ª fase	ARCH	82
Santiago Compostela	Barrio de Pontepedriña 2ª fase	ARI	29
Santiago Compostela	Polígono Vista Alegre 5ª fase	ARI	48
Chantada	Núcleo antigo) - 10ª fase	ARI	22
Lourenzá	Núcleo antigo 6ª fase	ARI	11
Lugo	Núcleo histórico 12ª fase	ARCH	82
Mondoñedo	Núcleo histórico 12ª fase	ARCH	22
Monforte Lemos	Burgo Medieval e Zona de influencia 7ª fase	ARCH	22
Quiroga	Ámbito denominado Praza Maior e Pazo de Mondelo 2ª Fase	ARI Rural	22
Ribadeo	Núcleo histórico 9ª fase	ARI	27
Ribadeo	Núcleo de Rinlo (2ª Fase)	ARI	16
Sarria	Núcleo antigo 7ª fase	ARI	14
Vilalba	Núcleo antigo - 10ª fase	ARI	16
Viveiro	Núcleo histórico 12ª fase	ARCH	27
Castro Caldelas	Núcleo histórico 5ª fase	ARCH	16
Celanova	Contornos Mosteiro de Celanova e Burgo Medieval de Vilanova, 8ª fase	ARCH	16
Ourense	Núcleo histórico 12ª fase	ARCH	27
Ourense	Núcleo histórico de Ourense-Seixalbo (7ª fase)	ARCH	10
Ourense	Polvorín, Camelias e Carballeira	ARI	77
Ribadavia	Núcleo histórico 11ª fase	ARCH	16
Ribadavia	Núcleo histórico de San Cristovo 3ª fase	ARI	10
Verín	Núcleo histórico 6ª fase	ARI	10
Cambados	Núcleo histórico 9ª fase	ARCH	19
Cangas	Núcleo histórico 9ª fase	ARI	27
Pontevedra	Núcleo de Etribela 4ª fase	ARI	27
Tui	Núcleo histórico 9ª fase	ARCH	16
Vigo	Núcleo antigo 12ª fase	ARCH	82
Vigo	Núcleo histórico de Bouzas 7ª fase	ARI	27
Vilagarcía Arousa	Núcleo de Carril 5ª fase	ARI	14
Vilagarcía Arousa	Núcleo de Vilaxoán 5ª fase	ARI	14
Vilagarcía Arousa	Núcleo antigo 2ª fase	ARI	28

GALICIA (Varios)	Área de Rehabilitación Integral Camiño de Santiago 1ª fase	ARI	573
TOTAL			1.750

No caso de Santiago de Compostela, e a pedimento do concello, realizarase unha redistribución de obxectivos entre as áreas da Pontepedriña e Vista Alegre, sen que iso supoña unha variación dos obxectivos totais para a cidade. Finalmente os obxectivos para A Pontepedriña serán 29 en vez dos 55 acordados en decembro, e en Vista Alegre serán 48 no canto dos 22 iniciais.

A repartición dos ditos obxectivos quedará confirmada no marco da bilateral en que se asinarán os respectivos convenios entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento cos concellos nos que se sitúan as áreas de rehabilitación, como se fai cada ano coa correspondente repartición de obxectivos.

Na actualidade en Galicia xa se rematou de executar un total de 195 convenios anuais, que afectan a 32 concellos e grazas aos cales se efectuaron obras de rehabilitación en case 6.000 vivendas situadas en áreas de rehabilitación, así como obras de urbanización e reurbanización efectuadas polos correspondentes concellos.

CONVENIOS REMATADOS

PROVINCIA	Nº CONCELLOS	Nº CONVENIOS	Nº VIVENDAS
A CORUÑA	10	55	2.351
LUGO	9	60	1.565
OURENSE	6	39	956
PONTEVEDRA	7	41	1.120
TOTAL	32	195	5.992

En execución están na actualidade 84 convenios en 33 concellos. Estas 84 convenios prevén a actuación sobre un total de 3.036 vivendas, estando xa rematadas as actuacións nun total de 1.084 vivendas.

Convenios en execución

PROVINCIA	NÚMERO CONCELLOS	NÚMERO CONVENIOS	Nº VIVENDAS	
			TOTAL INCLUÍDAS	XA REMATADAS
A CORUÑA	10	29	1.723	873
LUGO	10	21	554	132
OURENSE	6	16	284	19
PONTEVEDRA	7	18	475	60
TOTAL	33	84	3.036	1.084

Axudas para rehabilitación

O Plan de Vivenda establece tres tipos de áreas de rehabilitación:

- Áreas de rehabilitación situadas en zonas urbanas pero fóra dos núcleos históricos
- Áreas de rehabilitación en conxuntos históricos, que son a meirande parte das galegas.
- Áreas de rehabilitación en núcleos rurais.

Os propietarios de edificios e vivendas situadas nas áreas de rehabilitación, cunha antigüidade superior a 10 anos e destinados a residencia habitual e permanente do propietario ou ao aluguer, poden acceder a axudas de ata 11.600 euros por actuación.

Nas áreas de rehabilitación situadas en conxuntos históricos ou núcleos rurais a subvención pode acadar o 75 por cento do presuposto, co límite indicado de 11.600 euros. Nas restantes áreas, nas cales non existen os condicionantes das zonas históricas e rurais, a porcentaxe da subvención pode ser dun máximo do 65 por cento do orzamento, cun límite de 10.500 euros.

Subvencións para rehabilitación de edificios e vivendas				
	Xunta de Galicia		Ministerio de Fomento	
	%	Importe medio máximo euros	%	Importe medio máximo euros
Áreas de rehabilitación	40	5.000	40	5.500
Áreas de rehabilitación en conxuntos históricos	40	5.000	50	6.600
Áreas de rehabilitación en núcleos rurais	40	5.000	50	6.600

Ademais, poderase acceder a un préstamo, sen subsidiación, a un prazo máximo de 15 anos, con 3 de carencia.

Nos casos de áreas de rehabilitación situadas en conxuntos históricos, as axudas da área serán compatibles con outras axudas de rehabilitación en conxuntos históricos que financia en exclusiva a Xunta de Galicia. O mesmo sucederá coas áreas de rehabilitación en núcleos rurais, cuxas axudas serán compatibles coas de rehabilitación rural. Estas axudas de rehabilitación en conxuntos históricos e as de

rehabilitación rural acadan o 50 por cento do orzamento. Sumadas as axudas da área de rehabilitación e de conxuntos históricos poden acadar como máximo o 75 do orzamento.

Axudas para urbanización

Doutra banda, os concellos poderán acceder a subvencións para a realización de obras de urbanización e reurbanización no ámbito das áreas de rehabilitación.

Nas áreas de rehabilitación situadas en conxuntos históricos e núcleos rurais esta subvención pode acadar o 60 por cento do orzamento das obras, sempre que o importe da subvención para urbanización e reurbanización non supere o 60 por cento do importe total de subvencións destinadas a rehabilitación de edificios e vivendas.

Nas restantes áreas de rehabilitación o importe das subvencións será como máximo do 40 por cento, sempre que o importe da subvención para urbanización e reurbanización non supere o 40 por cento do importe total de subvencións destinadas a rehabilitación de edificios e vivendas.

Importe máximo da subvención (% do orzamento das obras)		
	Xunta de Galicia	Ministerio de Fomento
Áreas de rehabilitación	20	20
Áreas de rehabilitación en conxuntos históricos	20	30
Áreas de rehabilitación en núcleos rurais	20	30

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE COMO PROXECTO DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL A MODIFICACIÓN DO GASODUTO MUGARDOS-BETANZOS-ABEGONDO-SABÓN E RAMAL Á CENTRAL DE CICLO COMBINADO DE MEIRAMA

- *Esta modificación do gasoduto de Reganosa permitirá poñer en funcionamento un novo gasoduto de transporte secundario que reforzará a rede gasista do noroeste de España*
- *Esta infraestrutura flexibilizará e mellorará a seguridade do conxunto da rede básica de gasodutos, conectándose con esta, e actuará de motor de atracción de investimentos e xeración de emprego da zona*
- *O obxectivo deste acordo tomado hoxe polo Executivo galego é realizar a ordenación territorial dos terreos afectados pola execución desta infraestrutura gasista no termo municipal de Arteixo*
- *O seu desenvolvemento suporá un investimento de mais de medio millón de euros*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou definitivamente como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal o “Modificado do proxecto sectorial do gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (tramos I e II) e ramal á central de ciclo combinado de Meirama”, que afecta o termo municipal de Arteixo.

Esta modificación do gasoduto que promove a Regasificadora del Noroeste, S.A. (Reganosa) permitirá poñer en funcionamento un novo gasoduto de transporte secundario que reforzará a rede gasista do noroeste de España. Ademais, flexibilizará e mellorará a seguridade do conxunto da rede básica de gasodutos, conectándose con esta, e actuará de motor de atracción de investimentos e xeración de emprego da zona.

O obxectivo deste acordo tomado hoxe polo Executivo galego é realizar a ordenación territorial dos terreos afectados pola execución desta infraestrutura gasista no termo municipal de Arteixo. Deste xeito o planeamento do concello de Arteixo quedará vinculado ás determinacións contidas no proxecto sectorial, unha vez aprobado definitivamente.

Esta actuación enmárcase no desenvolvemento da política gasista da Xunta de Galicia, baseada nunha decidida aposta polo gas natural. De xeito que dende a Consellería de Economía e Industria se ten duplicando o orzamento para a gasificación, co fin de incrementar o índice de penetración do gas natural na nosa cidadanía. Con esta finalidade os créditos destinados aos plans de gasificación en Galicia increméntanse para o ano 2011 en case un 70%.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ACHEGARÁ 500.000 EUROS PARA A MELLORA E O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA BALEAO-CORBELLE A CASANOVA NO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Javier Guerra e concello coruñés*
- *Esta actuación, que permitirá dotar o concello de Ortigueira de mellores servizos e favorecer así o asentamento de empresas na comarca e contribuír a reindustrialización da zona, emana dos acordos alcanzados para a promoción do desenvolvemento económico alternativo das zonas mineiras do carbón*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ortigueira para execución do proxecto de mellora do trazado e ampliación da estrada Baleao-Corbelle a Casanova, o que suporá unha achega económica de 500.000 euros por parte da Xunta de Galicia.

Esta actuación, que permitirá dotar o concello de Ortigueira de mellores servizos e favorecer así o asentamento de empresas na comarca e contribuír a reindustrialización da zona, emana dos acordos alcanzados co Goberno Central para a promoción do desenvolvemento económico alternativo das zonas mineiras do carbón, a través do cal se están desenvolvendo as actuacións en materia de infraestruturas.

O proxecto consiste na execución das obras para a mellora e acondicionamento de case 2 quilómetros da estrada Baleao-Corbelle a Casanova, e se ampliará o ancho da plataforma, a construción de novas obras de drenaxe e ampliación das xa existentes, a construción dun paso inferior para dar continuidade ao camiño existente e a reposición dos servizos afectados durante as obras.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN CENTRO ONCOLÓXICO REXIONAL DE GALICIA SEGUIRÁN COLABORANDO NA PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE RADIOTERAPIA

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe do convenio polo cal a fundación pon á disposición dos estudantes as súas instalacións e profesorado*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro continuarán o vindeiro curso a colaborar na impartición das ensinanzas de ciclo de grao superior de FP en radioterapia, a través da sinatura dunha addenda ao convenio de cooperación, á cal deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta.

Ao abeiro deste convenio, as alumnas e alumnos que estean a cursar este ciclo no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) desenvolverán os módulos de Fundamentos e técnica de tratamentos de teleterapia, e Fundamentos e técnica de braquiterapia nas instalacións especiais da Fundación, das que non dispón o centro dependente da Consellería de Educación. Así mesmo, a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia achegará o profesorado especialista necesario para a impartición destas ensinanzas.

Optimización dos recursos

Coa sinatura da addenda a este convenio para o vindeiro ano académico, dáse continuidade a unha colaboración iniciada no curso 2007/2008, co obxectivo de dar cumprimento ao principio constitucional que garante o dereito de todas e todos á educación. Así, ponse á disposición do alumnado galego uns estudos que, doutra forma, non poderían cursar no sistema educativo público, ao non existir instalacións oportunas para impartir en centros educativos públicos os devanditos módulos do ciclo formativo de grao superior de radioterapia.

Deste xeito, a Consellería de Educación demostra o seu esforzo por achegar a mellor oferta educativa ás galegas e galegos, sempre no marco do ensino público, ao alcance de toda a cidadanía. Ademais, a Xunta leva a cabo un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles, polo que se require a integración de esforzos e mutua colaboración entre a Administración educativa e os organismos e institucións dispostos a prestar a súa colaboración nas ensinanzas de FP.

EDUCACIÓN CONTINUÁ A IMPULSAR A FAMILIA PROFESIONAL DE MADEIRA E MOBLE EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

- *O Consello da Xunta deu o visto e prace do convenio entre ambas as institucións para a formación práctica nestes estudos de FP*
- *Deste xeito a Xunta de Galicia achega aos futuros titulados á realidade do sector madeireiro galego*

Educación e Ordenación Universitaria continuará a impulsar a formación práctica nos centros de traballo vinculada aos ciclos formativos da familia da madeira e moble. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura da addenda entre a Consellería e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, para levar a cabo nas súas instalacións, de forma compartida co IES Antón Losada Diéguez, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio fabricación a medida e instalación de carpintaría e moble durante o curso 2011-2012.

Con esta renovación, Educación ofrece o seu compromiso coas actividades de formación profesional, aumentando as oportunidades dos estudantes galegos para a inserción no mundo laboral.

No que se refire ao ciclo de Fabricación a sinatura do convenio permitirá que os novos profesionais continúen formándose en todos os ámbitos da actividade sexan principalmente nas áreas de desenvolvemento de produtos, prototipos, instalacións ata controis de calidade; ou nas de xestións comerciais.

Formación para alumnos, profesores e traballadores

Ao abeiro do convenio, establécese entre as partes a colaboración para desenvolver un programa de formación en centros de traballo, para alumnas e alumnos que cursen o devandito ciclo, así como a realización de accións de orientación profesional dirixidas a este alumnado. O convenio posibilita tamén a colaboración de expertos da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada na impartición das ensinanzas destes ciclos.

Por outra banda, o convenio recolle a orientación e actualización dos coñecementos do profesorado destes ciclos dependente da Consellería nas instalacións das entidades que conforman a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada; así como a formación e actualización dos traballadores das devanditas entidades.

Así mesmo, e por proposta dalgunha das partes implicadas, poderanse organizar cursos, seminarios, ou estudos sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de

común interese para as institucións asinantes. Nese suposto, a Fundación colaborará mediante o apoio técnico e loxístico, tanto no programa de formación do profesorado como nas estadas deste en empresas por tempo definido.

Para o cumprimento deste convenio e as súas correspondentes addendas, a Fundación porá á disposición de alumnado e profesorado as instalacións ou talleres especiais dos que non dispón o IES Antón Losada Diéguez para a impartición das ensinanzas de FP.

Con esta iniciativa, a Consellería de Educación demostra o seu esforzo por proporcionar a mellor formación práctica aos estudantes de formación profesional, achegándoos ao mesmo tempo á realidade do mundo laboral. Por outra banda, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada preséntase como o marco idóneo no cal desenvolver as ensinanzas da familia profesional de madeira e moble', polo que supón no sentido de adecuación destas ás necesidades do sector madeireiro.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA CATRO NOVAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA EN LUGO, MONTERROSO, ARES E VILA DE CRUCES

- *A Consellería de Cultura e Turismo elevou para a súa aprobación o recoñecemento do 'Arde Lucus' de Lugo, a Feira dos Santos de Monterroso (Lugo), a Festa do Corpus Christi Alfombras Florais de Ares (A Coruña) e a Festa Gastronómica do Galo de Curral de Vila de Cruces (Pontevedra).*
- *A Secretaría Xeral para o Turismo, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, valorou para a declaración destas celebracións diferentes criterios como a antigüidade, a singularidade, o arraigo e o valor cultural que posúen dentro do panorama cultural galego. A declaración ten importantes repercusións sobre a dinamización económica e social destas localidades, ao tempo que contribúe á promoción de todos os recursos turísticos das comarcas.*

O Consello da Xunta declarou como festas de interese turístico de Galicia a Festa do 'Arde Lucus' de Lugo, a Feira dos Santos de Monterroso (Lugo), a Festa do Corpus Christi Alfombras Florais de Ares (A Coruña) e a Festa Gastronómica do Galo de Curral de Vila de Cruces (Pontevedra). A antigüidade mínima dos eventos (dez anos de existencia como mínimo), a súa singularidade, así como o arraigo e o valor cultural destes foron os criterios que se tiveron en conta á hora do seu recoñecemento oficial dende a Secretaría Xeral para o Turismo, dependente da Consellería de Cultura e Turismo.

As catro festividades cumpren, xa que logo, cos requisitos establecidos no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, sobre a declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, tal e como valorou a comisión de valoración de Festas de Galicia de Interese Turístico, reunida para tal efecto en Santiago de Compostela o pasado 7 de abril para tratar este asunto.

A declaración dunha festa como de interese turístico autonómico ten importantes repercusións sobre a dinamización económica e social da localidade onde se celebra esta. Esta declaración constitúe ademais un recoñecemento especial ao evento festivo, o que supón que acada unha difusión que trascende os ámbitos territoriais propios e contribúe á promoción de todos os recursos turísticos, tanto do lugar de celebración en si como da comarca en xeral en que se sitúa.

Arde Lucus

A Festa do Arde Lucus, que comezou a celebrarse ininterrumpidamente dende o ano 2002, é unha festa de recreación histórica en que a cidade de Lugo volve atrás no

tempo para recuperar as súas orixes romanas e revivilas ao longo dunha fin de semana.

Desenvólvese coincidindo co solsticio de verán a través dun completo programa en que destacan diferentes espazos de interese: campamentos militares, un poboado celta, o mercado romano, o circo, a batalla final entre castrexos e romanos, venda de escravos, bacanal romana, vodas e bautizos celtas e romanos, queima da muralla, danzarium, representación de teatro clásico grecolatino, etc.

Trátase dunha festa moi participativa, que parte dun intenso traballo previo con obradoiros de elaboración de traxes e accesorios, colaboración con centros de ensino e diferentes asociacións.

No Arde Lucus 2010 participaron máis de 460.000 persoas nunha soa fin de semana, o que supuxo unha ocupación hoteleira próxima ao 100%, cuns beneficios económicos estimados de 10 millóns de euros e unha repercusión mediática moi importante a nivel nacional.

A programación do Lucus Cultural, os eventos de recreación histórica e a ampla porcentaxe da cidadanía participante (9 empresas patrocinadoras, 850 alumnos, pais e profesores de 10 colexios públicos da cidade, 7 asociacións creadas a partir da festa e outras tantas que participan activamente nela) permitiron que o evento entrase xa na Asociación Española de Fiestas y Recreaciones Históricas, á cal xa pertencen outras celebracións de diferentes puntos de España que xa gozan do recoñecemento de festas de interese turístico autonómico e/ou nacional.

Feira dos Santos de Monterroso

A orixe desta festa é descoñecida pero diversos autores a datan na Idade Media, vinculando o seu florecemento a un imposto sobre o sal cobrado a carón da vila. Tamén se vincula coa importancia acadada polo lugar como punto de intersección de varias vías que comunicaban Galicia. No pasado Ano Santo celebrouse o quinto centenario da feira.

No século XIX o recinto feiral contaba xa con zonas diferentes para cada produto, distribuídos en máis de 80.000 metros cadrados: feira das tendas, dos queixos, do gando, das albardas,... No século XX a feira quedou definida como a primeira feira cabalar de Galicia. Cando tras a Primeira Guerra Mundial, coa chegada da gripe, moitas feiras se deixaron de celebrar, os Santos de Monterroso seguiron en pé grazas aos vendedores de láudano e outros remedios contra a enfermidade. Nos anos 30 a resonancia do evento deixouse notar con visitas de numerosos personaxes que ían

comprar e vender, ademais de probar produtos típicos como o polbo, o pan de Melide e Cea e as rosquillas.

Na actualidade podemos considerala como a feira máis clásica, lonxeva, auténtica e completa de todas as que se celebran en Galicia, tal e como a teñen definido varios artistas, entre eles Yebra de Ares, Colmeiro, Castelao ou Curros Enríquez.

A Feira dos Santos conta con máis de mil postos ambulantes e entre 50 e 60 caldeiros de polbo. A festa comeza cada ano o 1 de febreiro. Este ano ademais a Administración do Estado préstalle atención dedicándolle a celebración dun sorteo viaxeiro da Lotería Nacional.

Festa do Corpus Christie das Alfombras Florais de Ares

A Festa do Corpus Christie Alfombras Florais de Ares celébrase dende o ano 1986 o domingo seguinte ao oitavo domingo despois da Resurrección. A festa naceu en Ares tres anos antes, no 1983, aínda que non se consolidou definitivamente ata o ano 1992, ano que coincidiu coa creación da Asociación de Alfombra Floral de Ares.

Cada ano realízase unha alfombra floral dividida en seis tramos que cobren unha superficie de mil metros de longo por tres de ancho. A alfombra, de gran vistosidade, componse de piñeiro, mirto e flores, así como area tinxida, borras de café, etc.

A procesión que se leva a cabo o día da festa sae despois da misa das 17 horas da tarde, e nela teñen un lugar destacado os nenos que recibiron ese ano a primeira comuñón.

O arraigo da festa entre os veciños e os visitantes e as múltiples manifestacións de interese artístico e relixioso avalan a escolla desta festa para ser declarada como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Festa Gastronómica do Galo de Curral de Vila de Cruces

A Festa Gastronómica do Galo de Curral de Vila de Cruces celébrase dende o 23 de decembro de 2000, unha iniciativa que xurdiu nun primeiro momento dende a Asociación de Criadores do Galo de Curral, que xogan un importante papel na organización e desenvolvemento desta cita gastronómico-cultural do concello pontevedrés, e que ten un gran arraigo na comarca dende o ano 1993, cando se tratou de recuperar o galo de curral como prato gastronómico.

A festa, que nas últimas edicións chegou a recibir máis de 20.000 participantes, conta cun gran valor cultural, que pasa polo peso que nela ten a gastronomía, pola difusión do patrimonio cultural da zona, con especial predominio da arte románica, co

mosteiro de San Salvador de Camanzo (século X) como máxima expresión, a posta en valor da artesanía e os produtos agroalimentarios, o mantemento das tradicións locais, as oportunidades que ofrece a natureza a través das diferentes rutas de sendeirismo, paseos a cabalo ou deportes náuticos que ofrece o encoro de Portomouros e a posta en valor da difusión do medio rural deste concello pontevedrés.

SANIDADE DIMINÚE POR PRIMEIRA VEZ EN PRIORIDADE 1 O TEMPO MEDIO DE ESPERA POR DEBAIXO DOS 20 DÍAS

- *Os enfermos máis graves esperan en Galicia unha media de 19,3 días*
- *Os pacientes con patoloxías de prioridade 2, o tempo medio de espera sitúase en 62,9 días, cunha redución de 6 días respecto de marzo de 2010*
- *En 31 de marzo, a media global de espera cirúrxica en Galicia é de 75,5 días, é dicir, 1,7 días menos que no ano anterior e 26,6 días menos que na media da anterior lexislatura*
- *O rendemento cirúrxico nos hospitais do Servizo Galego de Saúde situouse neste primeiro trimestre no 73,26%*

O tempo medio de espera en pacientes de prioridade 1 en 31 de marzo de 2011 sitúase en todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde en 19,3 días. Esta cifra destaca fronte aos 21,2 días de media do pasado marzo e fronte aos 40,2 días de espera media que os pacientes con patoloxías máis graves esperaban en marzo de 2009. É dicir, os pacientes máis graves esperan en marzo de 2011 case dous días menos que o pasado ano e 20,4 días menos que na media da anterior lexislatura.

No tocante aos pacientes con patoloxías de prioridade 2, o tempo medio de espera sitúase en 62,9 días, cunha redución de 6 días respecto de marzo de 2010 e cunha redución de 17,6 días de espera media con respecto da media da anterior lexislatura.

Así, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde continúan garantindo o compromiso asumido de atender as prioridades máis graves (prioridade 1) por debaixo dos 30 días e as patoloxías graves arredor dos 60 días, mellorando a atención en tempo e xestionando segundo criterios homoxéneos segundo a gravidade do paciente, á capacidade de resolución da intervención e tamén criterios sociais.

31 marzo	PRIORIDADE 1	PRIORIDADE 2
2011	19,3	62,9
2010	21,2	68,9
2009	40,2	64,2
2008	46	75,5
Media 2005-2008	39,7	80,5

A media global de espera cirúrxica no 31 de marzo de 2011 en todos os centros é de 75,5 días, é dicir, 1,7 días menos que no ano anterior (cando era de 77,2 días) e 26,6 días menos que na media da lexislatura anterior. Se se teñen en conta só as esperas dos centros da rede do Sergas -sen contar o hospital de Povisa, en Vigo- a

espera global sitúase en 67,3 días, o que supón 4,5 días menos que en marzo de 2010, e 8,7 días menos que na media da lexislatura anterior.

Área de consultas e probas diagnósticas e terapéuticas

O tempo medio de espera para as primeiras consultas de enfermidade sitúase en 55,4 días, é dicir, 9,2 días menos que no primeiro trimestre de 2010 (cando se situou en 64,6 días). No eido das consultas, continúan a desenvolverse os obxectivos sinalados na Estratexia Sergas 2014 de incrementar a capacidade resolutiva a través da implantación de vías rápidas (en cancros de pulmón, colon, próstata e mama); implantación de procesos de atención integrada; o acceso ás peticións de probas en IANUS; e o aumento das consultas de alta resolución ou de acto único.

No que atinxe ás consultas, as especialidades que máis diminuíron a espera ao comparar os datos de marzo de 2011 cos do ano anterior foron as de anxioxía e cirurxía vascular (con 46,5 días menos de espera media); reumatoloxía (con 41,2 días menos de espera media); xinecoloxía (na cal se reflicte un descenso de 35,5 días); ou medicina nuclear (con 26,1 días menos de espera).

As consultas con menor tempo de espera medio en 31 de marzo de 2011 son medicina nuclear (3,5 días); cirurxía cardíaca (7,6 días); cirurxía torácica (11,9 días); e oncoloxía médica (12,7 días).

No seu conxunto, a actividade de consultas diagnósticas na atención especializada na sanidade pública galega incrementouse en 51.893 consultas, cun total de 1.056.950 consultas realizadas nos tres primeiros meses de 2011.

Con respecto das probas diagnósticas e/ou terapéuticas a Estratexia Sergas 2014 establece o impulso da telemedicina e o traballo en rede; o impulso da protocolización da petición de probas; a introdución de medios diagnósticos en centros de saúde, hospitais, urxencias e PAC; e petición electrónica de laboratorio, microbioloxía, anatomía patolóxica e resto de probas.

As probas diagnósticas que viron o seu tempo de espera medio máis diminuído no 31 de marzo de 2011 foron os estudos dixestivos (nos cales se reflicte un descenso de 102,5 días); as endoscopias dixestivas (con 88,1 días menos de espera media); ou as probas de electrofisioloxía cun descenso de 57 días menos.

As probas diagnósticas con menor tempo de espera medio son os estudos fetais (13 días); as ecografías obstétricas (17,2); a ecografía de tórax (20,8 días); e as endoscopias xinecolóxicas (26,2 días).

Incrementar a eficiencia mantendo a equidade

A Estratexia Sergas 2014 sinala entre os seus obxectivos no eido da área cirúrxica o incremento da actividade ordinaria, a mellora do rendemento cirúrxico, e a autoconcertación planificada segundo as necesidades. Neste senso, fai fincapé na importancia de incrementar a eficiencia, mantendo o principio de equidade.

Así, no primeiro trimestre do 2011 realizáronse 27.909 intervencións cirúrxicas en xornada ordinaria, o que supón a realización de 1.398 intervencións máis con respecto ao mesmo período do ano anterior, cando se fixeran 26.511; e 4.128 intervencións máis que nos tres primeiros meses de 2009. Por outra banda, o rendemento cirúrxico en 31 de marzo de 2011 sitúase no 73,26, unha cifra que destaca fronte ao 71,77% con referencia á mesma data en 2010 e fronte ao 67,7% de 2009 .

No referente aos obxectivos para desenvolver ao longo de 2011, Sanidade continuará apostando co incremento do rendemento cirúrxico e a actividade ordinaria, desenvolvendo a actividade extraordinaria segundo necesidades, e mantendo a xestión das listas de espera con criterios de honestidade, rigor e transparencia. Neste senso, dende o Sergas insístese en que a xestión vai na dirección axeitada aínda que nunca estaremos satisfeitos mentres haxa un paciente esperando.

OS RESULTADOS DE OCUPACIÓN HOTELEIRA EN GALICIA DURANTE A SEMANA SANTA SUPERARON AS PREVISIÓNS INICIAIS, CHEGANDO A ACADAR O 75%

- *No conxunto dos hoteis e pensións de Galicia rexistrouse unha ocupación media do 75%, cifra que mellora sensiblemente as previsións iniciais que apuntaban cara a unha porcentaxe do 65%*
- *Os hoteis de catro e cinco estrelas amosaron o mellor comportamento, con cifras que superaron o 80% de media para Galicia*
- *Segundo a Oficina do Peregrino rexistráronse algo máis de 7.100 peregrinos, cifra que supera nun 65% o nivel do mesmo período do ano 2009*

O Consello da Xunta presentou os resultados de ocupación turística da pasada Semana Santa facilitados á Secretaría Xeral para o Turismo, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, pola Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia (CEHOSGA). Deste informe despréndese que no conxunto dos hoteis e pensións de Galicia se rexistrou unha ocupación media do 75%, cifra que mellora as previsións iniciais, que apuntaban cara a unha porcentaxe do 65%.

En termos globais, e para o conxunto da Comunidade, os hoteis presentaron un mellor nivel de ocupación en relación ás pensións, cunha media do 77% sobre o 73,7%. En boa lóxica, son aqueles de maior categoría, catro e cinco estrelas, os que amosan un mellor comportamento con cifras que superan o 80% de media para Galicia, o máximo rexistrado na comunidade.

As condicións meteorolóxicas adversas non afectaron, polo tanto, o nivel de afluencia turística á nosa comunidade, como tampouco se rexistraron por ese motivo cancelacións de última hora.

O Xoves e o Venres Santos foron os días de maior afluencia turística e de mellores cifras de ocupación, circunstancia que se manifesta de forma destacada naqueles destinos onde existe tradición de celebracións relixiosas, como Ferrol ou Viveiro.

Principais destinos

A Coruña e Pontevedra son as provincias que mellor comportamento rexistraron nestes días festivos, cunha ocupación media global do 78% que acada picos do 100% nos días centrais da Semana en cidades como Santiago ou Ferrol.

Neste sentido destacan os bos datos recollidos en destinos urbanos como A Coruña, Ferrol ou Santiago, nos cales o nivel de ocupación supera a media do seu contorno. As mellores cifras corresponden neste caso aos establecementos de maior categoría

localizados en zonas privilexiadas das respectivas cidades –centro urbano ou casco histórico-.

En Pontevedra, a pesar das malas condicións meteorolóxicas, recolléronse cifras positivas e destacadas en destinos como O Grove, Baiona, Sanxenxo ou a propia cidade capital de provincia.

Lugo e Ourense presentaron unha ocupación menor, do 72 e 69% respectivamente, cifras ambas que melloran de forma notable as expectativas iniciais, sobre todo nesta última, xa que as previsións apenas chegaban ao 50% de media. En Ourense son os establecementos de turismo termal os que rexistran os picos máis altos de ocupación da provincia.

Peregrinos

O balance positivo en termos de ocupación hoteleira complementábase neste caso coas cifras de afluencia de peregrinos á nosa comunidade. Neste sentido, segundo os datos facilitados pola Oficina do Peregrino, na pasada Semana Santa rexistráronse algo máis de 7.100 peregrinos, cifra lixeiramente inferior á do pasado ano pero que supera nun 65% o nivel do mesmo período de 2009.

A XUNTA FOMENTA A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES NO EIDO LABORAL

- *Os obxectivos destas subvencións son implantar plans de igualdade, promover actuacións tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes; e fomentar a conciliación da vida familiar e laboral*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria destas axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia*

A Consellería de Traballo e Benestar fomenta a igualdade entre homes e mulleres no eido laboral. En concreto, este será o financiamento de que disporá a orde que regula as axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria destas axudas que teñen como obxectivo promover a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, e remover aqueles atrancos que dificulten o acceso das mulleres a determinadas profesións. A previsión do departamento autonómico é que a convocatoria destas axudas saia publicada no Diario Oficial de Galicia en 15 días aproximadamente.

Para conseguilo, a orde establece tres tipos de axuda. A primeira delas, que este ano está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, subvencionará a implantación de plans de igualdade nas pemes galegas, ou naquelas empresas con representación en Galicia, sempre que teñan un número mínimo do seu persoal contratado nesta Comunidade Autónoma.

O segundo eixe subvencionará aquelas actuacións tendentes a eliminar a infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

Por último, a última liña de axudas busca favorecer a conciliación da vida familiar e laboral. Así, por exemplo, abrangue investimentos realizados polas empresas co fin de habilitar servizos de comedor, escola infantil, salas de lactación, ou lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas.

TRABALLO PROMOVE A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL ENTRE AS PEMES GALEGAS

- *As diferentes liñas de axuda permiten que cada empresa poida establecer o marco de actuación que mellor se adecue á súa estratexia empresarial*
- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a estas subvencións que teñen como obxectivo fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE)*

A Consellería de Traballo e Benestar fomenta a responsabilidade social empresarial (RSE) entre as pequenas e medianas empresas de Galicia. O obxectivo é promover a adopción de actuacións empresariais socialmente responsables en distintas materias, como os aspectos ambientais, de organización do traballo, de transparencia ou de condicións laborais.

De feito, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria destas axudas que establece as bases reguladoras para a concesión destas subvencións, que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva. Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE). A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) en aproximadamente 15 días.

Serán beneficiarias destas subvencións aquelas empresas privadas con domicilio social e centro de traballo en Galicia que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual; que contén cun número de persoas traballadoras inferior a 250; e que se atope ao día das súas obrigas tributarias.

En concreto, establécense tres tipos de axudas. A primeira liña destínase para a implantación de modelos, sistemas ou ferramentas de xestión que introduzan conceptos de RSE nas empresas galegas.

O segundo eixe baséase en dar axudas para que as empresas reciban formación específica en materia de sustentabilidade ou responsabilidade social empresarial. Por último, a terceira e última liña de actuación subvencionará a obtención de reporte, estándares ou certificacións internacionais en responsabilidade social empresarial.

Todas estas axudas entenden a RSE como algo voluntario para as empresas e, polo tanto, deséñanse unhas axudas que permitan que cada unha das pemes poida establecer o marco de actuación que mellor se adecua á súa estratexia empresarial.

Esta liña de axudas inscríbese na aposta do Goberno galego por fomentar a responsabilidade social empresarial entre o tecido empresarial galego. Neste sentido, cabe lembrar que no seo do diálogo social, se está a ultimar actualmente un Plan

estratéxico galego de RSE, no cal se establecerán as liñas básicas de actuación das políticas públicas nesta materia.

MAR ABARATOU OS CUSTOS NA ASISTENCIA ÁS FEIRAS NESTA LEXISLATURA SEN DIMINUÍR NIN A CALIDADE NIN A CANTIDADE DOS SERVIZOS PRESTADOS

- *Unha mellor xestión na contratación mediante oferta por lotes permitiu unha notable rebaixa no custo de adxudicación por metro cadrado, que descendeu máis dun 42% con respecto á anterior lexislatura*
- *A consellería estivo presente nas 11 feiras máis importantes do mundo no 2010 e no 2011 asistirá en 10 certames para impulsar o consumo do peixe e o marisco galego*

A Consellería do Mar optimizou nesta lexislatura a xestión económica na asistencia ás feiras para promocionar os produtos pesqueiros galegos, sen diminuír a calidade nin a cantidade de servizos prestados nos certames en que se participaron. Así o reflicte un informe elaborado pola consellería e trasladado hoxe ao Consello da Xunta que recolle unha rebaixa no prezo por metro cadrado de adxudicación de máis dun 42% con respecto ao ano 2007. Así, o custo medio foi de 732 euros no ano 2007 fronte aos 421 euros deste ano, o que supón un importante aforro. Isto tradúcese nunha rebaixa do custo medio por expositor participante de case un 40% no mesmo período.

O departamento que dirixe Rosa Quintana adoptou unha serie de medidas que contribuíron a reducir os custos nos procesos de contratación, como son a eliminación no prego de condicións de servizos non fundamentais e a licitación por lotes de varias feiras de características semellantes, para que as empresas poidan optimizar o posto e mesmo os materiais, dándolle ademais continuidade á imaxe corporativa e reforzando así a mensaxe promocional. A Consellería do Mar acode a estes certames co obxectivo de abrir mercados emerxentes, incrementar a competitividade das empresas galegas e potenciar o consumo de peixe e marisco galego, achegándolle así máis valor engadido.

Asistencia a feiras en 2011

O informe recolle tamén que, ao longo de 2011, a Consellería do Mar estará presente en 10 certames cun total de 113 coexpositores, entre empresas e asociacións, cun investimento de 1.273.480 euros, cofinanciado polos Fondos Europeos da Pesca (FEP). Acode a unha feira menos que no 2010, xa que *Alimentaria*, unha das máis importantes a nivel internacional e que congregou a 33 coexpositores, é de carácter bienal e non se celebrará este ano. Ao respecto do resto das feiras, cabe destacar que a consellería apoiará 15 empresas e asociacións máis que as presentes o ano pasado nos mesmos certames de cara a impulsar súa estratexia comercial.

No que vai de ano, o departamento que dirixe Rosa Quintana promocionou os produtos galegos do mar no *Salón Gourmets* en Madrid, en *Xantar* en Ourense, na *Mediterranean Seafood* en Italia e no *Forum Gastronomic* de Girona. De cara aos vindeiros días, a consellería estará presente na *European Seafood*, do 3 ao 5 de maio, en Bruxelas. Ademais de dar a coñecer a importancia de Galicia no ámbito pesqueiro, no caso destas feiras, con coexpositores, o propio posto da Xunta convértese nun punto de encontro onde as empresas dispoñen dun lugar propio para amosar os seus produtos e recibir os seus clientes e abrir e consolidar novos mercados, nacionais e internacionais.

Feiras no 2010

No ano 2010, a Consellería do Mar, no seu afán de mellorar a comercialización, estivo presente en 11 certames cun total de 125 empresas e asociacións galegas do sector conserveiro, conxelador e acuícola. Participou en feiras de ámbito internacional – *Mediterranean Seafood*, *Alimentaria*, *Salón Gourmets*, *Acui 2010*, *Seafood*- nos cales potenciou, difundiu e promocionou os produtos do mar de Galicia. Nalgúns casos foi acompañada da Consellería do Medio Rural, como no *Fórum Gastronómico de Santiago* ou *Alimentaria*, buscando dar unha imaxe única de Galicia avalada por unha oferta mar-terra que se potencia e complementa. Tamén estivo presente no Salón de Alimentación do Atlántico (*Salimat*) que se celebrou en Silleda, coa finalidade de promover o consumo dos produtos do mar de Galicia, en especial aqueles con marcas de calidade en *Conxemar*, para apoiar andustria conxeladora galega e promocionar a súa imaxe a nivel nacional e internacional. Por último, achegouse ata un dos salóns de alimentación máis importantes do mundo, “*SIAL*”, que se celebrou en París e onde as empresas galegas tiveron oportunidade de promocionar os produtos frescos e transformados do sector pesqueiro galego no mercado francés.